



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE LOBIOS EN DATA VINTENOVE DE SETEMBRO DO ANO DOUS MIL SETE.

Na Casa Consistorial do Concello de Lobios, sendo as once horas e dez minutos do día vintenove de setembro do ano dous mil sete, trala correspondente convocatoria, tivo lugar a sesión ordinaria do Pleno deste Concello presidida polo Sr. Alcalde-Presidente, D. José Lamela Bautista, e que contou coa asistencia dos seguintes conselleiros/as:

D. Manuel Paz León.
D. Tomás Fernández González.
D. Benito Vázquez Vázquez.
D. Antonio Estévez González.
Dña. María del Carmen Yáñez Salgado
Dña. . María Belén González González
D. Jesús Deibe Fernández Simo.
D. Cayetano Carballo Suárez.
D. Francisco Veloso González.

Asiste o concelleiro electo D. Francisco Rodríguez Broullón.

Actúa como Secretaria a Secretaria-Interventora da Corporación, Dña. Beatriz Díaz Rodríguez.

Sendo a hora sinalada, pásase a tratar os asuntos que conforman a orde do día que foron legal e previamente notificados, seguintes

PUNTO PRIMEIRO: APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS VINTEOITO DE XULLO DE 2007 E DEZAOITO DE AGOSTO DE 2007.

Previamente á consideración do primeiro punto da orde do día o Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, D. Jesús Deibe Fernández Simo, solicita a palabra para sinalar que presentou unha moción que non aparece na orde do día e que pensa que esta omisión débese a un erro.

O Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, resposta que non a incluíu na orde do día facendo uso das súas facultades en materia de formación da mesma.

Entrando xa no primeiro punto da orde do día e téndose remitido ós Sres/as. Concelleiros/as actas das sesións anteriores celebradas en data vinteito de xullo do ano dous mil sete e dezaoto de agosto do mesmo ano, o Sr. Alcalde convida ós asistentes a que manifesten a súa conformidade, reparos ou observacións ós textos propostos.

Non promovéndose debate sobre o presente punto da orde do día, sométese a votación separada a aprobación das actas das sesións plenarias anteriores, resultando aprobadas co seguinte resultado:

Acta da sesión plenaria ordinaria celebrada en data vinteito de xullo do ano dous mil sete.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

VOTOS A FAVOR: Sres./as. Lamela Bautista, Paz León, Fernández González, Vázquez Vázquez, Yáñez Salgado, González González, Fernández Simo, Carballo Suárez e Veloso González (nove votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sr. Estévez González por inasistencia á sesión (unha abstención).

Polo que a acta da sesión plenaria ordinaria celebrada en data vinteito de xullo do ano dous mil sete aprobouse por **maioría absoluta** (nove votos a favor dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG e Mixto e unha abstención do grupo municipal do PP) **dos membros da Corporación.**

Acta da sesión plenaria extraordinaria celebrada en data dezaioito de agosto do ano dous mil sete.

VOTOS A FAVOR: Sres./as. Lamela Bautista, Paz León, Fernández González, Vázquez Vázquez, Estévez González, Yáñez Salgado, González González, Fernández Simo e Carballo Suárez (nove votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sr. Veloso González por inasistencia á sesión (unha abstención).

Polo que a acta da sesión plenaria extraordinaria celebrada en data dezaioito de agosto do ano dous mil sete aprobouse por **maioría absoluta** (nove votos a favor dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, e BNG e unha abstención do grupo municipal Mixto) **dos membros da Corporación.**

PUNTO SEGUNDO: DAR CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vázquez, sinala que sería conveniente dar conta dunha relación de Decretos de cara ó próximo Pleno.

Por parte do Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, sinálase que os Decretos estiveron a disposición dos concelleiros dende o día da convocatoria do presente pleno.

PUNTO TERCEIRO: TOMA DE POSESIÓN DO CARGO DE CONCELLEIRO DE D. FERNANDO RODRÍGUEZ BROULLÓN.

Por parte do Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, dase conta que este Concello, trala renuncia voluntaria presentada polo concelleiro do PSG-PSOE D. Juan Benito Álvarez Pacheco, solicitou á Xunta Electoral de Zona o envío da credencial de D. Fernando Rodríguez Broullón ó ser o seguinte candidato nas listas das eleccións locais celebradas en maio do presente ano. Continúa a súa exposición explicando que o citado concelleiro electo presentou, en cumprimento do disposto no artigo 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, declaración de causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lle proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos, así como declaración dos seus bens patrimoniais. Finaliza a súa intervención sinalando que, dacordo coa lexislación vixente,

procede que D. Fernando Rodríguez Broullón tome posesión do seu cargo prestando xuramento ou promesa, segundo a fórmula establecida polo Real Decreto 707/1979, de 5 de abril.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

De seguido, o concelleiro electo D. Fernando Rodríguez Broullón presta promesa tomando formalmente posesión do seu cargo de concelleiro.

PUNTO CUARTO: NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DO CONCELLO NA ASEMBLEA XERAL DO CONSORCIO GALEGO DE SERVICIOS DE IGUALDADE E BENESTAR.

Por parte do Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, dase conta do escrito remitido polo Consorcio Galego de Servicios de Igualdade e Benestar solicitando a remisión de certificado acreditativo do nomeamento dos novos representantes na Asemblea Xeral. Continúa a súa intervención proponendo o nomeamento do Sr. Fernández Simo, ó tratarse do Concelleiro de Servicios Sociais.

Non promovéndose debate sobre o presente punto da orde do día, sométese a votación a proposta formulada polo Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, resultando aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres. Lamela Bautista, Paz León, Fernández González, Rodríguez Broullón, Fernández Simo e Carballo Suárez (seis votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres/as Vázquez Vázquez, Estévez González, Yáñez Salgado, González González e Veloso González (cinco abstencións).

Polo que a presente proposta aprobouse por **maioría absoluta** (seis votos a favor dos grupos municipais do PSG-PSOE e BNG e cinco abstencións dos grupos municipais do PP e Mixto) **dos membros da Corporación.**

PUNTO QUINTO: MOCIÓNS DOS GRUPOS MUNICIPAIS.

-Rexistro de Entrada nº 2.128 de data 24 de setembro de 2007: Moción presentada polo Grupo Municipal do BNG para que a praza de Grou coñecida como “O Adro”pase a chamarse “Praza de Elixio Rodríguez”.

*“Xesús Deibe Fernández Simo, concelleiro e portavoz, conxuntamente co tamén concelleiro Cayetano Carballo Suárez, integrantes ambos do Grupo Municipal do BNG, no concello de Lobios, ao abeiro da lexislación vixente en materia de réxime local, presentan unha **moción para dar nome á praza de Elixio Rodríguez**, quedando a espera de que sexa incluída na orde do día do vindeiro pleno para o seu debate e, se procede, posterior aprobación.*

EXPOSICIÓ N DE MOTIVOS

Elixio Rodríguez Domínguez, destacado galeguista nado en Grou (Lobios) o 4 de Xaneiro do 1910, e falecido o 10 de xullo de 2007 en México.

De neno mudouse a vivir a Bande, onde o seu mestre, Xosé Taibo, o iniciou no galeguismo cando aínda era un rapaz; logo estudou cos maristas en Venta de Baños (1920) en Tui. Malia



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

a expulsión que sufriu nesta cidade, conseguiu ser admitido nos maristas de Ourense. Durante a Segunda República foi o fundador das Mocedades Galeguistas de Bande e obtivo o título de piloto na Escola de Aviación.

Detido pola Garda Civil ó comezo da Guerra Civil española, pasou dous meses encarcerado no convento de Celanova, conseguiu evitar o paseo enganchando na lexión. Pasou algún tempo en Cáceres en labores administrativos ata entrar na arma de aviación coa esperanza de poder pasar ó bando republicano, e estivo destinado como capitán en León e no pequeno aeródromo de Navia. En febreiro de 1937 incorporouse á Lexión Cóndor, ao mes seguinte conseguiu evadirse nun Breguet XIX a Gibraltar e pasar á zona republicana, alí destinárono a San Javier en Murcia pero foi detido e condenado a morte acusado de espionaxe para o inimigo. Grazas á intervención de Castelao e outros deputados galegos residentes en Valencia, conseguiu a anulación da sentenza e a celebración dun novo xuízo, no cal foi absolvido.

Pasou o resto da guerra en Barcelona ó cargo da intendencia de avión e como secretario xeral da Solidariedade Galega Antifeixista, ata que coa caída de Cataluña tivo que pasar a Francia, saíndo do país no barco Ipanema cara a Veracruz, onde chegou o 13 de xullo de 1939. Aquí aceptou o ofrecemento das autoridades mexicanas para adoptar a nacionalidade mexicana e estableceu a súa residencia na Cidade de México como empresario e distribuidor. Porén, non perdeu o espírito galeguista, mantivo a militancia no Partido Galerista no exilio, foi un dos promotores en 1952 e locutor do programa semanal de radio en galego Hora de Galicia, primeiro emitía na emisora XMEC e logo en Cadena Radio Continental. O 29 de xuño de 1953 participou no establecemento do Padreado de Cultura Galega, polo cal foi delegado no Congreso de Emigración Galega celebrado en 1965 en Santiago de Compostela, sendo o único en ler a súa comunicación en galego. Finou recentemente en México. Como escrito hai que destacar o seu libro de memorias Matádeo Mañá. Elixio Rodríguez foi obxecto de diversas homenaxes por todo país sendo Lobios, a súa terra de orixe, o lugar en onde nunca se lle recoñeceu o seu compromiso social e a súa actividade cultural.

POLO QUE SOLICITAMOS do pleno do CONCELLO DE LOBIOS.

1.- Que a praza da parroquia de Grou coñecida como O Adro leve o seu nome en recoñecemento polo compromiso social e a laboura cultural deste persoeiro e pase a chamarse Praza de Elixio Rodríguez.”

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, explica que esta moción é unha demanda vella do BNG, que se trata dun acto simbólico no que o BNG agarda que se unan tódalas forzas políticas, xa que se lle vai a facer unha homenaxe en Bande e Santiago, polo que sería agradable que na parroquia na que naceu se lle puxera unha praza.

O Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, manifesta que é certo a importancia cultural de Elixio Rodríguez, polo que considera axeitada esta moción

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Municipal do PP, Sr. Vázquez Vázquez, sinala que o seu grupo non coñece a vida intelectual deste señor, sabe que en Grou non é moi coñecido. Por esta razón, remata a súa intervención indicando que o seu grupo vai votar en contra.

Sometida a votación a presente moción, resultou aprobada co seguinte resultado:



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

VOTOS A FAVOR: Sres. Lamela Bautista, Paz León, Fernández González, Rodríguez Broullón, Fernández Simo e Carballo Suárez (seis votos a favor).

VOTOS EN CONTRA: Sres./as. Vázquez Vázquez, Estévez González, Yáñez Salgado e González González (catro votos en contra).

ABSTENCIÓNS: Sr. Veloso González (unha abstención).

Polo que a presente proposta aprobouse por **maioría absoluta** (seis votos a favor dos grupos municipais do PSG-PSOE e BNG, catros votos en contra do grupo municipal do PP e unha abstención do grupo municipal Mixto) **dos membros da Corporación.**

Antes de pasar ó seguinte punto da orde do día, o Voceiro do Grupo Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, sinala que desexa plantexar ó pleno corporativo unha moción de urxencia relativa a **reivindicación dun sistema de atención sanitaria de urxencia digno para a comarca de a Baixa Limia**, debido a súa retirada polo Sr. Alcalde-Presidente da orde do día.

Sometida a votación a urxencia da moción, resultou aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres./as Vázquez Vázquez, Estévez González, Yáñez Salgado e González González, Fernández Simo e Carballo Suárez (seis votos a favor).

VOTOS EN CONTRA: Sres. Lamela Bautista, Paz León, Fernández González e Rodríguez Broullón (catro votos en contra).

ABSTENCIÓNS: Sr. Veloso González (unha abstención).

Polo que a urxencia da moción presentada polo Voceiro do Grupo Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, aprobouse por **maioría absoluta** (seis votos a favor dos grupos municipais do PP e BNG, catros votos en contra do grupo municipal do PSG-PSOE e unha abstención do grupo municipal Mixto) **dos membros da Corporación.**

*“Xesús Deibe Fernández Simo, concelleiro e portavoz, conxuntamente co tamén concelleiro Cayetano Carballo Suárez, integrantes ambos do Grupo Municipal do BNG, no Concello de Lobios, ao abeiro da lexislación vixente en materia de réxime local, presentan unha **moción para a reivindicación dun sistema de atención sanitaria de urxencias digno para a comarca de a Baixa Limia**, quedando a espera de que sexa incluída na orde do día do vindeiro pleno para o seu debate e, se procede, posterior aprobación.*

EXPOSICIÓ N DE MOTIVOS

Dende hai mais de un ano vimos sufrindo as consecuencias dun sistema de atención sanitaria que non atende nas condicións que serían desexables ós nosos veciños nos horarios nos que non se atopa en funcionamento o centro de saúde. Polo tanto, a atención das urxencias médicas resulta a todas luces insuficiente e inaxeitada atopándose o centro médico mais próximo nalgúns casos a mais de 30 minutos dalgún dos pobos do noso concello. O PAC co que actualmente contamos non cubre as necesidades dos nosos veciños nin os criterios que a lei de recursos sanitarios fixa e que son a equidistancia e a cercanía. Levamos mais de un ano agradando posibles solucións sen que ata o de agora por parte da Consellería de Sanidade se dea desposta a esta demanda.



CONCELLO DE LOBIOS

Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

POLO QUE SOLICITAMOS do pleno do CONCELLO DE LOBIOS.

1.- Unha declaración institucional dirixida á Consellería de Sanidade na que se denuncie a actual situación e o déficit na atención e se esixa unha solución inmediata con un compromiso firme nun prazo non superior os dous meses”

O Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, explica que a razón da non inclusión da presente moción na orde do día é a existencia dunha negociación coa Consellería de Sanidade sobre esta materia, para acadar aproximar a Lobios o Punto de Atención Continuada (PAC), polo que considera que esta declaración institucional sería un freno para a referida negociación. Sinala que a eficacia consiste na discreción na negociación e que nesta última pretendese incluír especialidades.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, sinala que como concelleiro da oposición durante catro anos nunca se lle negou a posibilidade de debater unha moción no pleno e que o feito de non aceptar unha proposta dun grupo político non é aceptable, e moitos menos se é socio do grupo de goberno. Continúa a súa intervención sinalando que existen dúas formas de actuar en política: defende-los intereses da comarca e defende-los intereses do Concello, que son conscientes da existencia dun déficit sanitario dende hai mais dun ano e que sabe moito de política e do funcionamento da Xunta de Galicia, polo que a argumentación esgrimida polo Sr. Alcalde de ocultar a problemática para que Bande non se entere non serve. Explica que defenden cunha soa voz a ubicación dun Punto de Atención Continuada (PAC) nun lugar céntrico e, se poden ser dous, a súa ubicación en Bande e Lobios. Finaliza a súa intervención sinalando que debe usarse o senso común, polo que o seu grupo pide a tódalas forzas políticas que se solicite á Xunta o contido na moción.

O Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, sinala que o Sr. Fernández Simo coñecía na súa condición de socio de goberno a existencia da negociación neste asunto, que non é competencia do BNG. Continúa a súa intervención indicando que lle parece que houbo unha sospeitosa utilización política dunha información facilitada, referíndose á convocatoria comarcal feita polo BNG. Finaliza a súa intervención explicando que o último elemento a empregar na negociación é o recurso da rúa, non sendo necesario enfrontarse con ninguén para acadar resultados.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vázquez, explica que esta dacordo co Sr. Fernández Simo, que existe no Concello un expediente iniciado polo seu grupo propoñendo á Consellería de Sanidade a ubicación do PAC nas Conchas e que antes de chegar ás presións hai que negociar, aínda que observa que a negociación non conduce ó fin pretendido como xa quedou demostrado nos anos anteriores. Remata a súa intervención indicando que a Xunta de Galicia debe ter coñecemento que este Concello está disposto a adoptar certas medidas se non se acada o pretendido.

O Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, sinala que defende que o primeiro a facer e negociar buscando argumentacións coherentes, sendo necesaria a discreción.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal Mixto, Sr. Veloso González, sinala que hai cousas nas que todos coinciden: para vivir en Lobios é necesario seguridade sanitaria, xa que está a moita distancia de calquera centro sanitario. Continúa a súa intervención invitando ó Sr. Fernández Simo e ó Sr. Lamela Bautista a que fagan un esforzo en



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

acadar o seu obxectivo, que é o mesmo, e que procuren entenderse para lograr que exista un centro sanitario en Lobios o nas súas inmediacións.

O Voceiro do Grupo Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, sinala que non se trata dun enfrontamento persoal, se non dialéctico e considera que a Xunta de Galicia non vai facer nada si este Concello non demostra que está disposto a facer calquera cousa. Continúa a súa intervención explicando que o que está sentado no seu despacho en Santiago non vai tomar ningunha determinación ata que non se entere do que acontece e se dirixe ó Sr. Alcalde para dicirlle que debe utilizar este problema en Santiago e non enfrontarse cos seus compañeiros de Corporación. Remata a súa exposición sinalando que non se actúa negociando por detrás, que non hai que ocultar os problemas, que deben poñerse enriba da mesa e darlles solución e que este non é un problema de siglas, senon de unidade.

O Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, sinala que a coherencia dí que hai que utilizar primeiramente o racional, que o déficit de información sobre a reunión comarcal pode deberse a súa culpa, xa que comunicou a reunión coa Xunta de Galicia con pouco tempo para que a puidese convocar. Continúa dicindo que a presión debe empregarse no seu momento oportuno, que todo o que require negociación é sempre máis eficaz debendo traballarse con senso común e racionalidade, que considera que os resultados que pode acadar son superiores os que se poden acadar dende a rúa coa presión dos veciños.

O Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, sinala que non comparte a exposición do Sr. Alcalde-Presidente e que dende o seu grupo nunca se actuou cun criterio partidista nin de ruptura da negociación e que se determinou facer un chamamento ó PP e PSG-PSOE na Xunta de Galicia para suprimir calquera tipo de siglas e facer unha defensa conxunta desta materia. Finaliza a súa exposición indicando que o BNG de Lobios está para expor as demandas que existan, debendo acurtarse os procesos e que nunca someterase a criterios que vaian en contra dos intereses dos veciños, solicitando a unidade de todos.

O Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, sinala que a vontade da Consellería de Sanidade é traer o PAC ás Conchas e que considera que a consecuencia desta moción sería a ruptura total das negociacións, causando un grave prexuízo ós veciños.

O Voceiro do Grupo Político Municipal Mixto, Sr. Veloso González, sinala que deposita a súa confianza no Sr. Alcalde-Presidente, xa que considera que é certo o avance das negociacións, e que está a favor da seguridade sanitaria neste Concello, razóns polas que vai absterse.

O Voceiro do Grupo Municipal do PP, Sr. Vázquez Vázquez, sinala que Lobios necesita dun PAC próximo, que é certo que houbo negociacións e que non acadou nada. Remata a súa intervención indicando que o seu grupo está a favor da exposición do Sr. Fernández Simo.

O Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, sinala que co PAC todos están dacordo, no que hai diferencias é na forma de negociación.

Sometida a votación a moción de urxencia, resultou aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres./as Vázquez Vázquez, Estévez González, Yáñez Salgado, González González, Fernández Simo e Carballo Suárez (seis votos a favor).

VOTOS EN CONTRA: Sres. Lamela Bautista, Paz León, Fernández González e Rodríguez Broullón (catro votos en contra).



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

ABSTENCIÓNS: Sr. Veloso González (unha abstención).

Polo que a presente moción de urxencia presentada polo Voceiro do Grupo Municipal do BNG, SR. Fernández Simo, aprobouse por **maioría absoluta** (seis votos a favor dos grupos municipais do PP e BNG, catros votos en contra do grupo municipal do PSG-PSOE e unha abstención do grupo municipal Mixto) **dos membros da Corporación.**

PUNTO SEXTO: ROGOS E PREGUNTAS.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Municipal do PP, Sr. Vázquez Vázquez, realiza os seguintes:

Primeiro: Qué pasa co expediente sobre corte de árbores en Valoiro?.

O Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, resposta que estase a falar cos veciños para que presente a documentación acreditativa da propiedade do monte e que os veciños de Grou consideran que parte deses montes son seus.

O Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vázquez, sinala que no expediente e no Inventario de Bens consta de forma clara que os montes son de propiedade municipal.

Segundo: Qué pasa coa praza de conductor do camiión do lixo?.

O Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, resposta que se convocou para cubrirse de forma legal e que despois de varias renuncias, o traballador seleccionado comezará a traballar o vindeiro luns.

Terceiro: qué pasa coa condución da ambulancia?.

O concelleiro de PSG-PSOE, Sr. Paz León, resposta que no Grupo Municipal de Intervención Rápida soamente existen dous traballadores con carné para conducila, razón pola que tivo que conducila el.

O Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vázquez, sinala que non está dacordo, que no Grupo Municipal de Intervención Rápida existían cinco persoas con VTP e seis ou sete con diploma para transporte sanitario de feridos e enfermos e que agora parece que soamente hai un conductor. Finaliza a súa intervención preguntando si o concelleiro percibe algunha remuneración económica por conduci-la ambulancia.

O Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, resposta que non e felicita ó Sr. Paz León pola súa labor altruísta no referente á ambulancia e no ámbito de Protección Civil.

Concedida a palabra ó representante do Grupo Político Municipal Mixto, Sr. Veloso González, formula os seguintes:

Primeiro: Sinala que o conductor da ambulancia debe ser unha persoa con sensatez e felicita a labor desenvolvida polo Sr. Paz León, pero considera que cando as condicións económicas do Concello o permitan, debe crearse e cubrirse esta praza.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Segundo: Felicita á concelleira do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Yáñez Salgado, pola súa recente maternidade, sumándose o resto dos membros corporativos á felicitación promovida polo Sr. Veloso González.

Terceiro: Anima a loitar polo ben do pobo e para que os problemas se diriman no despacho.

Cuarto: Cal é a empresa que executou as obras de pavimentación dende Pazos a Cimadevila, e que causou desperfectos nas vivendas por verquido de chapapote?.

O Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, resposta que “Excavaciones y Construcciones Yáñez”.

O Voceiro do Grupo Político Municipal Mixto, Sr. Veloso González, pregunta si o Concello vai adoptar medidas.

Resposta o concelleiro do Grupo Político Municipal do PSG-PSOE, Sr. Paz León, que hai varias reclamacións, algunhas xa no Xulgado, e que a empresa contratista comprometeuse o resolver este problema.

O Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, sinala que non todo o chapapote é actual e que o contratista non está disposto a asumir toda a responsabilidade.

Quinto: Felicita a idea da carreira de carros nas festas municipais, conservándose deste xeito as tradicións populares. De seguido pregunta sobre os ingresos obtidos e os gastos ocasionados polas festas.

O Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, resposta que esta materia depende do Concelleiro de Festas, Sr. Fernández Simo, que resposta que se lle pasará no seu debido momento e que houbo aportacións por parte de empresas de Lobios e que existe unha aportación municipal e da Xunta de Galicia.

O Voceiro do Grupo Político Municipal Mixto, Sr. Veloso González, pregunta qué se pagou.

O Concelleiro de Festas, Sr. Fernández Simo, resposta que nada e que se vai tardar en pagar.

O Voceiro do Grupo Político Municipal Mixto, Sr. Veloso González, comenta que con motivo da Festa dos Callos deixouse grava no Polideportivo e que algún neno esvarou e caeu, rogando que despois da utilización dos edificios municipais se proceda á súa limpeza.

Sexto: Cal é o orzamento de ingresos e de gastos da Festa dos Callos?.

O Concelleiro de Festas, Sr. Fernández simo, resposta que as caixas funcionaron estrictamente, acadándose unha recadación de oito mil euros (8.000,00 €) que é para o pago do persoal que traballou tres días.

O Voceiro do Grupo Político Municipal Mixto, Sr. Veloso González, pregunta ó Concelleiro de Festas se ten as contas, respostando este último que sí.

Sétimo: Sinala que parece que existen zonas privilexiadas de iluminación e pregunta por qué non se ilumina o Parque de San Bartolomé e a Praza Roxa. Solicita que conste en acta



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

que tamén as pontes de Lobios dende Fondevila ata a ponte da Praza Roxa deberían ter un foco de iluminación tódalas noites e, no caso de que non exista diñeiro, soamentes as fins de semán.

Oitavo: Sinala que sería interesante, por seguridade xurídica, que os Plenos se grabaran ante os precedentes existentes neste Concello.

E non habendo mais asuntos que tratar levántase a sesión, sendo as doce horas e trinta minutos do día anteriormente sinalado.

O Presidente

A Secretaria-Interventora

Asdo: José Lamela Bautista

Asdo: Beatriz Díaz Rodríguez